

MERCADO MUNICIPAL

ORDENANZA FISCAL SOBRE A TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE LAXE

Publicación provisional : 04-12-2003 BOP Nº 279 -- Publicación definitiva : 14-01-2004 BOP Nº 10
Redacción Aplicable desde 01-01-2004

Artigo 1º .-Fundamento e réxime

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de Servicios no Mercado Municipal de Abastos, á que se refire ó artigo 20.4 u) da devandita Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º .-Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa:
 - a) A concesión de postos fixos no Mercado Municipal de Abastos.
 - b) A venda en ambulancia nos postos provisionais no Mercado Municipal de Abastos.
 - c) A autorización, cando proceda, do traspaso dos postos fixos.
 - d) A venda en ambulancia na praza pública nos días de feira ou mercado, ou noutros días distintos dos anteriores, sempre que exista unha autorización previa da alcaldía.
2. Non están suxeitos a taxa por traspaso cando estas se produzan polos seguintes motivos:
 - a) A favor do cónxuxe ou fillos, en caso de xubilación ou enfermidade que lle impida continuar co negocio.
 - b) En caso de falecemento do titular, cando continúe coa concesión os herdeiros ou legatarios de carácter testamentario, ou os herdeiros forzosos "ab intestado" e o cónxuxe viúvo.
3. Tampouco están suxeitos a esta taxa os servicios ordinarios de limpeza, vixilancia e inspección sanitaria dos produtos destinados ó consumo, cando non sexa realizada a instancia de parte interesada.
4. O servicio de recollida de lixo do Mercado Municipal de Abastos quedará sometido á Ordenanza Fiscal nº 6, ostentando cada un dos concesionarios a condición de suxeitos pasivos contribuíntes da taxa respectiva.

Artigo 3º .-Beneficios fiscais

Non se recoñece beneficio fiscal algún, agás os previstos nas normas con rango de Lei ou nos Tratados Internacionais rectificadas validamente por España e publicados no Boletín Oficial do Estado.

Artigo 4º .-Suxeitos pasivos e responsables

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, no concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que realicen cada un dos feitos imposables previstos no artigo 2, nos seguintes termos:

- a) Nas concesións de postos fixos, o adxudicatario.
 - b) Na venda en ambulancia, os vendedores ou as asociacións de usuarios que ostenten o dereito de utiliza-los postos provisionais.
 - c) Na autorización dos traspasos, o adquirente.
2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
 3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e o alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º .-Base imponible

1. Base imponible para a determinación da renda mensual e do traspaso dos postos fixos.

A base imponible desta taxa está constituída polo valor de mercado da concesión administrativa do local de negocio para un período máximo de vinte anos, expresado nunha cuantía monetaria por metro cadrado, segundo se especifica para cada posto no Anexo desta Ordenanza. A estes efectos, o número de metros cadrados redondearanse sempre de acordo coa seguinte regra: ó enteiro superior, cando a primeira décima sexa igual ou superior a cinco; e ó enteiro inferior, cando a primeira décima sexa inferior a cinco.

2. Base imponible para a cuantificación da taxa pola venda ambulante na praza pública:

Para o cálculo da taxa pola venda ambulante na praza pública tomarase como parámetro o perímetro total de ocupación, expresado en metros cadrados.

Artigo 6º .-Taxa tributaria

1. Cota tributaria das concesións de postos fixos.

- a) Canon de adxudicación:

A cota tributaria a pagar pola concesión de postos fixos virá determinada polo valor de mercado que se obteña na poxa de cada posto, partindo dun tipo mínimo equivalente a base imponible á que se refire o apartado 1 do artigo anterior.

- b) Renda mensual

A cota tributaria íntegra virá determinada pola aplicación do tipo impositivo sobre a base imponible definida no apartado 1 do artigo anterior. O tipo impositivo será o 1 por 100 mensual. Nos casos de autorizacións para a venda en ambulancia en postos cualificados como provisionais segundo o Regulamento do Mercado, a cota tributaria mensual prorratearase polo número de días para os que se conceda a autorización.

Sobre a cota tributaria íntegra aplicaranse os seguintes coeficientes multiplicadores, segundo a natureza da actividade económica que se exerza en cada local:

Venda de produtos alimenticios frescos: 0,9

Outros produtos de alimentación: 0,95

Resto de actividades económicas: 1

En calquera caso, a renda mínima mensual non será inferior a 30,05 euros.

2. Cota tributaria dos traspasos:

A cota tributaria dos traspasos determinarase do seguinte xeito: dividirase a base imponible entre 20 (número de anos máximos dunha concesión) e o resultado multiplicarase polo número de anos enteiros que resten ata a extinción do dereito de concesión.

3. Cota tributaria para a venda ambulante na praza pública:

Sobre a base imponible aplicarase unha tarifa única de 0,45 euros/metro cadrado de ocupación diaria.

Artigo 7º .-Retribucións

Retribuirase a taxa e nacerá a obriga de contribuír:

a) Respecto da prima ou canon de adxudicación, no día en que quede perfeccionado o contrato de concesión administrativa, mediante o correspondente acordo de adxudicación do posto a un solicitante ou licitador.

b) O canon de traspaso do local de negocio, no momento no que se acorde a autorización do mesmo por parte do Concello.

c) A renda mensual e a renda por venda en ambulancia en postos provisionais devéngarase o primeiro día de cada mes natural.

d) A taxa por venda ambulante na praza pública o día no que se realice esta actividade.

Artigo 8º .-Normas de xestión

1. Adxudicación de postos fixos:

a) A adxudicación dos postos fixos realizarase de acordo coas normas contidas no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e no prego de cláusulas administrativas particulares que regule o procedemento e a forma de adxudicación.

b) As bases do procedemento contractual poderán determinar un canon inicial distinto do que se establece como mínimo nesta Ordenanza; pero non poderá modificarse, agás acordo de modificación desta Ordenanza, a renda mensual que se establece na mesma.

c) A duración das concesións e das licencias para o uso provisional virá determinada no Regulamento do Mercado e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares. Do mesmo xeito, as prórrogas axustaranse o regulado nas devanditas normas.

2. Traspasos de postos fixos:

a) Os concesionarios de postos que, antes de finaliza-lo período de concesión, transmitan os seus dereitos sobre o posto, deberán obter a previa autorización do Concello e axustarse as normas establecidas no Regulamento do Mercado.

b) O Concello ostenta un dereito de tanteo nos traspasos dos postos fixos.

c) O adquirente do posto deberá formalizar fianza.

d) As permutas que se realicen entre titulares de distintos postos terán a consideración de traspasos e a liquidación de taxa farase unicamente sobre o adquirente do posto que teña mais valor de acordo con esta Ordenanza.

e) Non poderán ser adquirentes nun traspaso as persoas físicas ou jurídicas que tiveran con anterioridade unha concesión na que se acordara a resolución por falta de pago dalgunha das taxas reguladas nesta Ordenanza.

3. Rendas mensuais:

a) Para o cobro das cotas mensuais formarase anualmente unha matrícula na que figuren os suxeitos pasivos, o local de negocio que teñen concedido e correspondente cota tributaria mensual. Esta Matrícula exporase ó público no primeiro mes de cada ano, mediante edictos.

b) O cobro das cotas mensuais será realizado polo Administrador ou Concesionario do Mercado Municipal, podendo os suxeitos pasivos domicilia-lo cobro nunha entidade financeira. O prazo de pago abranguerá do día 1 ó 10 de cada mes natural, ou no caso de que este sexa inhábil, o inmediato hábil posterior.

Artigo 9º .-Infraccións e sancións tributarias

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como as correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal que foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2003, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2004, continuando vixente en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes.